

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)

[infocarballo@carballo.gal](mailto:infocarballo@carballo.gal)

15100 CARBALLO - A Coruña



**Expte. núm. 2026/G013/000001**

### **INFORME XURÍDICO: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO MERCADO DO CONCELLO DE CARBALLO**

Este informe emítese en virtude do previsto no no artigo 3.d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

#### **I. ANTECEDENTES DE FEITO**

O Concello de Carballo, en sesión ordinaria do día 25/04/2022 aprobou inicialmente a modificación do Regulamento do Mercado do concello de Carballo. Este texto publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 117, do 21 de xuño de 2022.

Mediante providencia de data 13/05/2026 iníciase o procedemento para a modificación do regulamento.

Na providencia xustifícase a modificación de determinados artigos do regulamento do mercado. Estas modificacións concrépanse na regulación máis pormenorizada do outorgamento de postos en réxime provisional e en regular a posibilidade de trasladar aos concesionarios/as a instancia destes cando as circunstancias o aconsellen. Asemade, derrógase o anexo de postos e usos descritos no regulamento por non responder á realidade do mercado.

#### **II. LEXISLACIÓN APLICABLE**

As principais normas legais aplicables son as seguintes:

- Lei 07/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).
- Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).
- Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Carballo, publicado no BOP número 174, do 12 de setembro de 2025 (ROM).

#### **III. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

##### **PRIMEIRA. Potestade regulamentaria**

O artigo 4.1.a) da LRBRL, sinala que na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos municipios, ás provincias e ás illas as potestades regulamentaria e de autoorganización.

Pola súa vez, o artigo 6.1.a) da LALG, sinala que na súa calidade de administracións públicas, corresponderanlles ás entidades locais territoriais de Galicia, no ámbito das súas competencias e nos termos establecidos pola lexislación de réxime local, as potestades regulamentaria e de autoorganización.

##### **SEGUNDA. Procedemento**

De acordo coa tradición do noso dereito local dende 1812, a titularidade da potestade regulamentaria reside hoxe exclusivamente no Pleno da respectiva Corporación Local, sen que caiba ademais a posibilidade de delegar o exercicio desta potestade en ningún outro órgano.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)

[infocarballo@carballo.gal](mailto:infocarballo@carballo.gal)

15100 CARBALLO - A Coruña



### Expte. núm. 2026/G013/000001

A LPAC establece no seu artigo 128 que “1. O exercicio da potestade regulamentaria corresponde ao Goberno da Nación, aos órganos de Goberno das Comunidades Autónomas, de conformidade co establecido nos seus respectivos Estatutos, e aos órganos de goberno locais, de acordo co previsto na Constitución, os Estatutos de Autonomía e a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. 2. Os regulamentos e disposicións administrativas non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes Xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas. Sen prexuízo da súa función de desenvolvemento ou colaboración con respecto á lei, non poderán tipificar delitos, faltas ou infraccións administrativas, establecer penas ou sancións, así como tributos, exaccións parafiscais ou outras cargas ou prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público. 3. As disposicións administrativas axustaranse á orde de xerarquía que establezan as leis. Ningunha disposición administrativa poderá vulnerar os preceptos doutra de rango superior”.

A LPAC introduce unha serie de determinacións respecto da elaboración das normas regulamentarias (principios de boa regulación; avaliación normativa e adaptación; publicidade; planificación normativa e participación dos cidadáns no seu procedemento de elaboración).

No que atinxe ao ámbito local, o procedemento de aprobación da ordenanza regúlase no artigo 49 da LRBRL; neste artigo indícase que a aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

a) Aprobación inicial polo Pleno.

A aprobación polo pleno deberá ir precedida do previo ditame por parte da Comisión Informativa competente por razón da materia, tal e como establecen os artigos 30.2 e 51 do ROM.

En canto á maioría necesaria para a súa aprobación, e tendo en conta que a ordenanza que se pretende aprobar non ten carácter de regulamento orgánico municipal, será suficiente para a súa aprobación a maioría simple, tal e como se desprende do previsto no artigo 47.1 da LRBRL. O Pleno do Concello é o órgano competente para a aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas, segundo a atribución de competencias que efectúa o artigo 22.2.d) da LRBRL, ostentando a dita potestade de modo exclusivo como confirma o artigo 49 da LRBRL, ao encomendarlle tanto a aprobación inicial como a definitiva no respectivo procedemento.

b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

O acordo de aprobación inicial someterase a información pública mediante a publicación do mesmo, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e mais no taboleiro de anuncios da Casa do Concello (Sentenza do Tribunal Supremo do 31/10/1988, Ar. 8277).

c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo até entón provisional.

### TERCEIRA. Publicación

Unha vez aprobado definitivamente a modificación do texto do regulamento, consonte o procedemento a que se fixo mención, será preciso publicar o seu texto íntegro no BOP, malia

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)

[infocarballo@carballo.gal](mailto:infocarballo@carballo.gal)

15100 CARBALLO - A Coruña



### Expte. núm. 2026/G013/000001

que a súa entrada en vigor quedará adiada até que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL, tal e como prescriben o artigo 196.2 do ROF, e o artigo 70.2 da propia LRBRL.

CUARTA. Competencia no ámbito do mercado e contido da modificación do regulamento

O artigo 25 da LRBRL establece que “1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante”. Así tamén, o artigo 80.2 g) da LALG.

Nesta modificación destácanse os seguintes aspectos:

- Regulase de xeito pormenorizado o outorgamento provisional da autorización, por prazo non inferior a seis meses e até a licitación da concesión, sen que poda superar a autorización o prazo de dous anos.
- Contemplase, con carácter excepcional, o traslado dos postos dos concesionarios/as.

O artigo 84 de la LPAP, de carácter básico, dispón no seu apartado primeiro que “Nadie puede, sin título que lo autorice otorgado por la autoridad competente, ocupar bienes de dominio público o utilizarlos en forma que exceda el derecho de uso que, en su caso, corresponde a todos”. O apartado 3, tamén básico indica que “Las concesiones y autorizaciones sobre bienes de dominio público se registrarán en primer término por la legislación especial reguladora de aquéllas y, a falta de normas especiales o en caso de insuficiencia de éstas, por las disposiciones de esta ley”.

O artigo 75 do RBEL establece que na utilización dos bens de dominio público considerárase:

1.º Uso común, o correspondente por igual a todos os cidadáns indistintamente, de modo que o uso duns non impida o dos demais interesados, e estimárase:

- a) Xeneral, cando non concorran circunstancias singulares.
- b) Especial, se concorresen circunstancias deste carácter polo perigo, intensidade do uso ou calquera outra semellante.

2.º Uso privativo, o constituído pola ocupación dunha porción do dominio público, de modo que limite ou exclúa a utilización polos demais interesados.

3.º Uso normal, o que fose conforme co destino principal do dominio público a que afecte.

4.º Uso anormal, se non fose conforme co devandito destino.

O artigo 77 deste RBEL indica que “1. O uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a licenza, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral. 2. As licenzas outorgaranse directamente, salvo se por calquera circunstancia limitárase o número das mesmas, nese caso serano por licitación e, si non for posible, porque todos os autorizados houberen de reunir as mesmas condicións, mediante sorteo”.

Pola súa banda, o artigo 79 sinala que “En ningún caso poderá outorgarse concesión ou licencia algunha por tempo indefinido. (...)”.

O artigo 92 da LPAP, básico nos apartados 1, 2 e 4 establece que “1. Las autorizaciones se otorgarán directamente a los peticionarios que reúnan las condiciones requeridas, salvo si,

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)

[infocarballo@carballo.gal](mailto:infocarballo@carballo.gal)

15100 CARBALLO - A Coruña



### Expte. núm. 2026/G013/000001

*por cualquier circunstancia, se encontrase limitado su número, en cuyo caso lo serán en régimen de concurrencia y si ello no fuere procedente, por no tener que valorarse condiciones especiales en los solicitantes, mediante sorteo, si otra cosa no se hubiese establecido en las condiciones por las que se rigen. 2. No serán transmisibles las autorizaciones para cuyo otorgamiento deban tenerse en cuenta circunstancias personales del autorizado o cuyo número se encuentre limitado, salvo que las condiciones por las que se rigen admitan su transmisión. 3. Las autorizaciones habrán de otorgarse por tiempo determinado. Su plazo máximo de duración, incluidas las prórrogas, será de cuatro años. 4. Las autorizaciones podrán ser revocadas unilateralmente por la Administración concedente en cualquier momento por razones de interés público, sin generar derecho a indemnización, cuando resulten incompatibles con las condiciones generales aprobadas con posterioridad, produzcan daños en el dominio público, impidan su utilización para actividades de mayor interés público o menoscaben el uso general”.*

O artigo 86 da LPAP, supletorio, regulador dos títulos habilitantes, determina que “1. O uso común dos bens de dominio público poderá realizarse libremente, sen máis limitacións que as derivadas da súa natureza, o establecido nos actos de afectación ou adscrición, e nas disposicións que sexan de aplicación. 2. O aproveitamento especial dos bens de dominio público, así como o seu uso privativo, cando a ocupación efectúese unicamente con instalacións desmontables ou bens mobles, estarán suxeitos a autorización ou, se a duración do aproveitamento ou uso excede de catro anos, a concesión. 3. O uso privativo dos bens de dominio público que determine a súa ocupación con obras ou instalacións fixas deberá estar amparado pola correspondente concesión administrativa”.

O RBEL, no seu artigo 87.1, reflicte o procedemento para adxudicar as concesións administrativas, sen que recolla ningún para as autorizacións de uso especial. O artigo 96 da LPAP, supletorio, reflicte o procedemento para outorgar as autorizacións e concesións en réxime de concurrencia.

O artigo 93.1 (básico) da LPAP, relativo a concesións demaniais, establece que o outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concurrencia. Non obstante, poderá acordarse o outorgamento directo, entre outros casos, nos supostos previstos no artigo 137.4 desta lei. O artigo 137.4 refírese, entre os supostos nos que pódese acordar a adxudicación directa “d) Cuando fuera declarada desierta la subasta o concurso promovidos para la enajenación o éstos resultasen fallidos como consecuencia del incumplimiento de sus obligaciones por parte del adjudicatario, siempre que no hubiese transcurrido más de un año desde la celebración de los mismos. En este caso, las condiciones de la enajenación no podrán ser inferiores de las anunciadas previamente o de aquellas en que se hubiese producido la adjudicación”.

#### IV. CONCLUSIÓN

O texto da modificación adaptase ao previsto na normativa patrimonial.

Na tramitación da modificación do regulamento non se precisa realizar o trámite de consulta previa previsto no artigo 133 da LPAC ao regularse un aspecto parcial do réxime de funcionamento mercado.

Infórmase favorablemente a aprobación inicial da modificación do regulamento do mercado do Concello de Carballo.

O órgano competente para a aprobación do regulamento, previo ditame da Comisión informativa competente, é o Pleno da Corporación municipal, sen necesidade de quórum especial de votación.

O procedemento de aprobación é o referido anteriormente, tal e como establece o artigo 49 da LRBRL e demais preceptos citados, sen necesidade de conferir trámite de audiencia.

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)

[infocarballo@carballo.gal](mailto:infocarballo@carballo.gal)

15100 CARBALLO - A Coruña



**Expte. núm. 2026/G013/000001**

Carballo, 13 de maio de 2025

A secretaria

Marina Núñez Orjales